

## Orde do 6 de setembro de 2023 (DOG nº 177, de 18 de setembro de 2023)

### “Inclusión Social e loita contra a pobreza”

#### Operación cofinanciada parcialmente co Fondo Social Europeo Plus (FSE+) a través do programa FSE+ Galicia 2021-2027

Programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e a outras persoas en risco de exclusión, susceptible de ser financiada con FONDOS REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2021-2027, e procédese a súa convocatoria para o ano 2023.

Plan de Inclusión social, o conforman os programas Ferrol Inmigrantes, Exclusión Social e Ferrol Comunidade Xitana. Programa operativo FSE Galicia 2021-2027.

**Ferrol persoas inmigrantes**, promovendo a súa integración socioeconómica a través de itinerarios personalizados de inserción social e laboral e realizando actuacións de mediación social e/ou intercultural e accións formativas de alfabetización e competencia oral así como outras dirixidas ao coñecemento dos valores e características da sociedade de acollida.

Conta cunha traballadora social, unha educadora social e unha orientadora laboral.

**Ferrol Exclusión Social**, atende a persoas en risco de exclusión social elaborando xunto coa persoa atendida un itinerario personalizado de inserción sociolaboral e realizando actuacións como a diagnose individual, o acompañamento sociolaboral, a formación adaptada, a prevención do abandono escolar, accións para a adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais incluídas as dirixidas á mellora da administración da economía familiar; o apoio socioeducativo para a adhesión a tratamentos de prescrición facultativa e accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral; mediación laboral; prospección e intermediación laboral activa.

Conta cunha traballadora social, unha educadora social e unha orientadora laboral.

**Ferrol Comunidade Xitana**, atende ás persoas de etnia xitana, traballando na diagnose individual, o acompañamento para a mellora da empregabilidade e a transición á vida autónoma, elaborando un itinerario personalizado de inserción sociolaboral e levando a cabo as actuacións necesarias.

Conta con unha educadora social, unha traballadora social e unha orientadora laboral.

**Formación adaptada** dos contidos relacionados coas medidas comprendidas nas prioridades transversais da Estratexia de inclusión social de Galicia, nas que se inclúe a formación en alfabetización de coñecementos básicos dixitais.

**Prestación de reforzo socioeducativo para menores.** Como prestación independente no marco das dúas seccións do servizo de apoio á inclusión sociolaboral, inclúe o reforzo, orientación e apoio ao alumnado para reforzar a importancia da educación, evitar o abandono prematuro da etapa de escolarización obrigatoria, reducir o absentismo escolar e facilitar a transición entre a educación primaria e a secundaria.

**Servizo de apoio á inclusión residencial.** Este servizo inclúe accións de apoio ás persoas en procesos de inclusión sociolaboral que, debido aos seus baixos ingresos e/ou outros factores de discriminación, teñen dificultades de acceso ou mantemento da estabilidade residencial.

**Programa de educación e apoio familiar,** entendendo a educación como fortaleza fronte a exclusión social, promovendo a adquisición de habilidades para un correcto exercicio das responsabilidades parentais (de coidado, protección, escolarización e socialización) e fomentando a corresponsabilidade familiar.

Estos programas están ubicados nas Instalacións municipais da Rúa Velázquez n.º 44, 5ª planta da Casa Solidaria.

Contacto: [plan-inclusion@ferrol.es](mailto:plan-inclusion@ferrol.es)